

COMPETENCIAS/OBXECTIVOS

Obxectivos do título

Obxectivos xerais:

- Adquirir unha formación avanzada, especializada e multidisciplinar, orientada a coñecer o estado actual da investigación no ámbito das dificultades de aprendizaxe, o logro académico e os procesos cognitivos.
- Coñecer e aplicar métodos e técnicas cualitativas e cuantitativas para a iniciación nas tarefas de investigación neste ámbito de coñecemento.

Obxectivos específicos:

- Comprender e analizar de xeito sistemático o funcionamento dos procesos cognitivos, as súas implicacións nas dificultades de aprendizaxe e no logro académico.
- Aplicar procedementos de avaliación cognitiva interpretar as súas puntuacións e derivar sistemas de intervención en función das necesidades detectadas e os contextos.
- Dominar habilidades e métodos de investigación no campo das dificultades de aprendizaxe e os procesos cognitivos.
- Diseñar, planificar e implementar investigacións para contribuír cientificamente ao avance do coñecemento neste ámbito.
- Analizar críticamente, avaliar e sintetizar novas propostas de explicación, avaliación e intervención nas dificultades de aprendizaxe escolar.
- Transmitir tanto a nivel académico como á sociedade no seu conxunto os achados atopados.

Competencias xerais que os/as estudantes deben adquirir durante os seus estudos

- Comprender a aplicabilidade do coñecemento empírico para a investigación en dificultades de aprendizaxe.

- Analizar e sintetizar estudos experimentais que permitan avaliar desde unha perspectiva científica e aplicada o coñecemento no ámbito das dificultades de aprendizaxe.
- Habilidades para a transmisión do coñecemento científico e de conclusións, tanto á comunidade científica como á sociedade en xeral.
- Xestionar mediante grupos altamente especializados a información e a comunicación con fins de investigación e difusión.
- Promover a investigación e desenvolver instrumentos e procedementos que sexan sensibles ao recoñecemento das diferenzas entre mulleres e homes, procedencia e funcionalidade, á vez que potencien o enriquecemento humano dos equipos e das persoas sen diferenciar en canto a xénero, oportunidades e accesibilidade para todos, incluíndo os valores democráticos da sociedade europea actual, o fomento da cultura da paz e a protección ambiental

Competencias específicas

- Comprender a natureza cognitiva e neurolóxica dos procesos cognitivos de Planificación, Atención e Codificación e a súa relación coas dificultades de aprendizaxe.
- Avaliar as condicións experimentais de investigación nos procesos cognitivos.
- Diseñar e avaliar a eficacia de programas de intervención en alumnos e alumnas con dificultade de aprendizaxe (DA).
- Transmitir o coñecemento derivado da investigación dentro do grupo de maneira que permita xerar novas aplicacións e resolver problemas orixinados por DA.
- Elaborar documentos científicos e informes para a difusión dos traballos realizados polos alumnos e alumnas tanto a nivel académico, como divulgativo e segundo os formatos esixidos en cada contexto.
- Traballar en grupos a elaboración de documentos para a súa difusión científica e divulgativa, reunindo nunha síntese de coñecementos a achega de cada estudante, así como un avance de conxunto para posteriores estudos.

Máis información na Memoria do Título:

http://webs.uvigo.es/masteraprendizaje/images/Master_dificultades_de_aprendizaxe.pdf

Procedemento documentado para a definición, revisión e mellora dos obxectivos do plan de estudos.

<http://webs.uvigo.es/educacion-ou/web/files/PC02-procedemento-para-a-revision-e-mellora-das-titulacions.pdf>

Plan de mellora

| CRITERIO | Denominación da proposta | Punto débil detectado | Ámbito de aplicación | Obxectivos específicos | Actuacións a desenvolver | Responsable da súa aplicación | Período de execución | Recursos/financiación | Responsable do seguimento | Indicadores de execución | Observacións |
|---------------------------|--|--|--------------------------------------|---|--|-------------------------------|--------------------------------------|-----------------------|---------------------------|-------------------------------|--------------|
| Competencias e obxectivos | Mellora e axuste dos obxectivos e competencias á realidade profesional | Publicación de decretos posteriores á verificación do título Cambios no acceso dos profesionais encargados da atención educativa ás necesidades especiais | Mestrado Dificultades de Aprendizaxe | Mellorar os obxectivos e competencias do título | Revisión do RD 861/2010 e RD 99/2011 Sesións de traballo con profesionais do ámbito educativo Consulta ás administracións educativas | Comisión Académica | Setembro/2011 a Xullo/2013 2 anos | A estudar | Coordinador a do título | Actas das sesións de traballo | |

Fonte:

Web facultade/Seguimento de títulos da Facultade/ Mestrado Universitario en Dificultades de Aprendizaxe e Procesos Cognitivos/ Plan de Mellora Global:

<http://seguimentotitulos.ziblec.com/app/webroot/pdf/50a44e1778dfd.pdf>